

"Saiu María con moita présa camiño da montaña, a unha vila de Xudá"... (Lc.1,39)

A MAN

A [información precisa](#) para coñecer Irimia: que é, que actividades organiza...

[11/02/2007 16:22] Ir a Galegos desde Pontevedra, pode semellar un camiño á montaña. Por de pronto, ao entrar na autopista baixou a temperatura a 1,5 graos e ao longo do camiño seguiu cara abaixo até -3. O sol tamén se foi cubrindo e a brétema acompañounos até o pazo. A calefacción do coche e a compañía de Amalia queceron a subida. Alí, calor de café con biscoitos, e agarimo na acollida das Irmás e de Irimigas/Irimegos que tiveran menos camiño.

Un bo amigo invitoume a sentar preto dunha estufa...Comenzaba a Asemblea anual de Irimia e os informes de contas e das diversas actividades non se fixeron esperar. Todo segue o seu ritmo, se non á marcha que quixesemos, si con valor, constancia e esperanza. É admirable. Sempre hai persoas con forza para coller un cargo ou deixalo. Díxose que era mellor substituír a palabra cargo pola de "servizo". Pero a de "cargo", é moi expresiva do que pesan estas tarefas nas que a gratuidade é a única nómina a cubrir. O saldo foi positivo nos euros e sobre todo no capital humano. E iso que tivemos presentes as dificultades para vivir o noso compromiso coa fe, hoxe, en Galicia, tal como o entendimos á luz do Concilio. Unha breve mirada á realidade máis negativa que non nos desanimou, e a seguir contando coa forza do Espírito que está en nós. Unha ducia, polo menos, de mocidade alentou a nosa esperanza .

Aplaudimos a nova imaxe da revista. Pagou a pena.

Anunciamos unha boa nova: Desde onte, día 2, Encrucillada conta cunha nova monografía da autoría de Xaquín Campo Freire: "A viuvez na Pastoral da saúde", froito dunha longa experiencia vital e dunha tese feita en dous anos de estudos en Roma. Parabéns!

Despois dun breve descanso e as "rosquiñas Charo", escoitamos a Mencha Leirós de la Peña, bióloga, profesora de Edafoloxía na USC. Falou de Ecoloxía, do cambio de clima, dos problemas mundiais que supón, do planeta... Por algo eu empecei por falar de frío e calor, de coche e de estufa... Temos que tomar en serio este compromiso coa humanidade que a nosa fe debe impulsar. Urxe unha nova conciencia planetaria.

Logo, Tonecho Meixide Fernández, asesor técnico da Consellería do Medio Rural, expuxo a situación dos nosos montes, no marco do abandono a que chegou o rural. Explicou a implicación e reciprocidade entre o potencial humano e a produtividade que ela desenvolve. Polo tanto: creación de riqueza, asentamento da poboación, e buscar no medio rural un dos máximos potenciais da comunidade galega. Ou os salvamos agora ou nunca !

O xantar rompeu a tensión de tres horas baixo o impacto destes temas que berran pedindo colaboración e responsabilidade. Un paseo "ecolóxico" volveunos capaces do retorno para o encontro eucarístico.

Abrimos con tres textos de Eduardo Galeano (suxiro que os trascriba Irimia). Nun deles cita ao frade español Luis Alfonso de Carvallo, que no 1695 dixo : "A natureza está xa moi cansa". Que diría hoxe?

Bernardo proclamou a Palabra e logo fixemos pequenos grupos para comentala. A nosa participación foi unánime: Señor Ti estás e es en nós, cara a Ti erguémo-lo corazón e dámosche grazas! O Reino non foi vencido. Cantamos, non faltaría máis, e rematamos cun poema de Luis Amado Carballo: A candelaria. Esquecía dicir que na celebración había sesenta... candeas prendidas. Así quixemos emprender o retorno da montaña, cos cirios do corazón ben prendidos para necesitar menos estufas, menos coches, menos lixo, e máis AMOR á natureza .

Engracia Vidal Estévez

OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [A estratexia da tenrura](#)
- ❑ [Torres máis altas caeron](#)
- ❑ [A Coresma: bebendo na fonte de Xesús](#)
- ❑ [Oración da tardiña: irimegas e irimegos, ifóra medos!](#)
- ❑ [Impresións sobre a Romaxe en Moaña](#)
- ❑ [Unha Romaxe verde esperanza, de terca, teimosa primavera](#)
- ❑ [Fotos das Redeiras de Esperanza](#)
- ❑ [Sempre nos quedará a Romaxe](#)
- ❑ [Máis de 100 fotos da Romaxe](#)

Convidámosvos a coñecer a Revista Irimia.

NOVO FORMATO!

Aquí, na Canal Irimia, colgamos algúns dos artigos que publicamos na [revista Irimia](#) . Se estades interesados en coñecer a nosa publicación ó completo, podeades descargar aquí os números [735](#) e o [736](#) en formato pdf.

- **A periodicidade é quincenal**
- **Ninguén cobra por facela: nin os membros da mesa de redacción, nin os colaboradores, nin aqueles que nos prestan a súa propiedade intelectual.**

● Escribenos.

Nese correo podes pedir que cha mandemos un tempinho de proba ou ben subscribirte directamente. O prezo da subscrición é de 21 euros ó ano. Con isto case cubrimos gastos (impresión e envío por correo); quen quere dar un apoio claro a esta angueira paga 33 euros.

